

MAGO TETO
presenta:



ALQUIMIA



Sinapse

Durante milleiros de anos, os alquimistas, nómades con grandes coñecementos nas matemáticas, na física, na química, na astroloxía e incluso no ocultismo, viaxaron cos seus laboratorios ambulantes por todos os lugares do mundo cun obxectivo concreto: atopar a Pedra Filosofal.

O soño dos alquimistas era dominar a natureza, o lume, e finalmente o tempo.

Os alquimistas crían que a pedra filosofal podería concederlles tanto a cura de todas as enfermidades para gozar da vida eterna como a riqueza, transformando metais en ouro. Cando conseguían estes logros, coñecíase como "A Grande Obra".

Nesta nova aventura, o mago Teto, tras varios anos estudando, experimentando e intentando descifrar a estraña simboloxía dos libros sobre alquimia, busca a pedra filosofal; non para conseguir a riqueza e a vida eterna, senón a alquimia que está dirixida ao corazón: a felicidade!! A felicidade do público e a do propio mago e así lograr a súa "Grande Obra".

Auga, terra, lume e aire farán posible esta nova aventura do Mago Teto!